

Texto: **PAUL MAAR**  
Ilustracións: **ISABEL PIN**  
Tradución: **LAURA ALMAZÁN**

Encadernado en cartón. 15x23,5 cm.  
56 páxinas. Ilustracións a toda cor  
Dispoñible en:

-Galego: "O tesouro agochado"  
Seteleguas. ISBN 978-84-8464-702-7  
-Castelán: "El tesoro escondido"  
Seteleguas. ISBN 978-84-96388-96-3

Prezo: 14 €

## O TESOURO AGOCHADO



**...Muhar o Pequeno estaba contento coa súa modesta vida. Encantáballe ter longas conversacións cos seus clientes, sentar con eles xunto á mesiña, charlando e tomando té. Algúns días vendía tres alfombras, dous cintos e un puf. Entón dícielle a Fátima: –Hoxe foi un día excelente. Mañá poderemos permitirmos unha comida extraordinaria.**

Hai moito, moito tempo, viviu nunha cidade de Oriente un comerciante. Era coñecido como Muhar o Pequeno, pois non era tan rico como Muhar o Grande. Estaba moi namorado de Yasmina, pero a moza prefería as riquezas de Muhar o Grande. Un día, o humilde Muhar soñou cun tesouro que atoparía en Elsada, unha afastada cidade do Norte. Pensou que se regresaba de alí sendo un home pudente, Yasmina podería namorarse del. Así foi como emprendeu unha longa e perigosa viaxe...

Unha obra de lectura fluida e entretida, cun ritmo narrativo constante e dinámico. Un libro denominado "de busca e viaxe"; o seu protagonista emprende un itinerario físico e real, mais tamén un percorrido interior e de madurez persoal, de moito calado metafórico para a mensaxe que transmite: ás veces é necesario emprender unha viaxe moi lonxana e tortuosa para acabar comprendendo que aquilo que buscabamos estivera ao noso alcance sen decatarnos.

Os personaxes responden aos arquetipos propios das historias de aventuras: Muhar, un rapaz de personalidade voluble; e Yasmina, unha moza frívola, materialista e clasista, fronte a Fátima, que se caracteriza polo seu espírito loitador, nobre e discreto.

Con certo ton de fábula, "O tesouro agochado" anima os lectores a buscar os sentimentos auténticos fronte ao afán de posesión material, e a perseverar na superación persoal, loitando por facer realidade os soños, sen pasar por alto emocións como o amor, a amizade, a soidade, a morte ou o medo.

**PAUL MAAR** (Schweinfurt, Alemaña, 1937)

Estudou na Escola Superior de Arte de Stuttgart e exerceu a docencia durante varios anos. Actualmente traballa como escritor e ilustrador. Como autor, editou contos, libros de teatro e guións para programas infantís de televisión. Recibiu, entre outros, o premio Grimm, o E.T. Hoffmann e o Premio Especial de Literatura Xuvenil Alemana polo conxunto da súa obra.

**ISABEL PIN** (Versalles, 1975)

Estudou na Escola de Artes Decorativas de Estrasburgo e na Universidade de Artes Gráficas de Hamburgo. O seu traballo como ilustradora deuse a coñecer na Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña e no Salón de Literatura Xuvenil de París. Colabora con editoriais francesas e alemans na ilustración de libros para nenos. O seu traballo tamén foi recoñecido con varios premios. Actualmente reside coa súa familia en Berlín.

- **Temática:** unha viaxe, o descubrimento do amor, a superación persoal
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos
- **Aspectos destacables:** ambientado nun lugar exótico, estilo fabulado, arquetipos diferenciados; a autenticidade dos sentimentos fronte o afán materialista

